

C.E.I.P. MENÉNDEZ PELAYO

Rúa Serra de Outes s/n.
27004 Lugo.
Tfn: 982 202080 Fax: 982 218174




Web:

www.ceipmenendezpelayo.es

E-mail:

ceip.menendez.pelayo@edu.xunta.es

CIÓN





A AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe. Por tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e ónde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

A AVALIACIÓN: UN PROCESO INTEGRAL

A avaliación é un proceso integral. Avaliamos co fin de tomar as decisións que permitan lograr unha máxima eficacia.

No proceso de avaliación temos en conta os seguintes puntos:

1. A Avaliación na Educación Primaria: Análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas.
2. Avaliación do Proxecto Curricular: Análise do propio Proxecto Curricular.

1. A AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA

Concebimos a avaliación na educación primaria dunha maneira

- **Individualizada**, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.
- **Integradora**, para o cal considera a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.



- **Cualitativa**, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalian de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- **Orientadora**, dado que achega ao alumno ou á alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.
- **Continua**, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases. Considéranse tres modalidades:
 - *Avaliación inicial*. Proporciona datos acerca do punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.
 - *Avaliación formativa*. Concede importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e progresos de cada caso.
 - *Avaliación sumativa*. Establece os resultados ao termo do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

Resumindo, poderíamos concretar que entendemos a avaliación dunha maneira **global** e **continua**. É global porque se refire ao conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos da etapa e os criterios das diferentes área e **continua** considerándoa coma un elemento inseparable do proceso educativo mediante o cal os mestres recolleemos información de maneira permanente sobre o proceso de ensinanza e aprendizaxe dos alumnos.

A AVALIACIÓN INICIAL

Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial

Ao comezo de cada ciclo e durante o primeiro mes do curso escolar, a persoa titora realizará unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou ciclo anterior correspondentes ao seu alumnado e completárase coa información obtida das familias.

Esta avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como



para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Os resultados da avaliación inicial cubriráanse no programa XADE.

INFORMES DE AVALIACIÓN

Con unha periodicidade trimestral, os titores elaborarán un informe de avaliación individualizado de cada alumno para transmitir aos pais ou titores legais a situación do alumno no momento no que se emite o informe, tanto na consecución dos obxectivos establecidos e dos progresos e dificultades que atopa para poder acadalos coma no seu comportamento e capacidades.

Estes informes serán elaborados no programa XADE e nos seguintes términos:

Calificacións na consecucións de obxectivos: Insuficiente, Suficiente, Ben, Notable e Sobresaliente

Capacidades: Establecemos uns ítems para valorar:

- Actúa de acordo ás normas xerais
- Presenta ben os seus traballos
- Trae os seus deberes feitos

Estas capacidades avaliaránse nos seguintes termos: S (Sempre) N (Nunca) AV (ás veces)

A PROMOCIÓN DOS ALUMNOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Ao rematar cada ciclo de educación primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o profesor tutor asesorado polo departamento de orientación, tendo en conta os informes dos outros profesores do grupo de alumnos e escoitados os pais, decidirá se o alumno promociona ou non ao ciclo seguinte.

A promoción decídese na última sesión de avaliación do curso, na que estarán presenten todos os profesores que impartan clase a ese grupo de alumnos que se está a avaliar.



Para poder decidir se un alumno/a promociona ao ciclo ou etapa seguinte establecemos uns **criterios de promoción** para cada un dos ciclos da educación primaria. Antes de especificar eses criterios de promoción como norma xeral teremos en conta que:

1. Para avaliar cada unha das diferentes áreas aplicaránse os criterios de avaliación establecidos no PCC.
2. Cando se aprecien nalgún alumno/a dificultades de aprendizaxe con algunha materia avaliada negativamente, o titor ou o profesor que imparte clase nesa materia, adoptará as medidas educativas complementarias que axuden ao alumno a acadar os obxectivos programados.
3. A aplicación dos criterios de promoción será **flexible**, xa que ademais de ter en conta o grado de dominio conseguido nos contidos das distintas áreas ou materias valoramos:
 - a. A **madurez do alumno**, é decir, o desenrolo alcanzado polo alumno nas capacidades que necesita para continuar con aproveitamento o seu proceso de ensinanza no ciclo ou etapa seguinte.
 - b. A actitude e o esforzo do alumno/a para progresar na aprendizaxe, superar as dificultades e corrixir erros, tendo en conta sempre o comportamento do alumno dentro e fóra da aula.
 - c. As características, posibilidades e intereses dos alumnos en relación co que se considera a mellor opción para que poida acadar as finalidades da etapa.
 - d. A conveniencia ou non da separación do alumno/a do grupo no que se atopa coas repercusións negativas ou positivas que esta medida poida ocasionar segundo a súa integración no grupo, os seus intereses...
4. Como norma xeral, o alumno só pode permanecer un ano máis na Educación Primaria. Para alumnos con NEE poderíamos aplicar a *flexibilidade da escolaridade* tal como recolle o *art 27 da orde do 27 de decembro de 2002* (DOG 30/1/03) no que se establece que se poderá aumentar excepcionalmente nun ano a permanencia dun alumno/a en Educación Primaria con respecto do disposto con carácter xeral.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

1. Os alumnos/as promocionarán ao ciclo ou etapa seguinte *cun máximo de dúas materias avaliadas negativamente.*



2. Se os alumnos teñen dúas áreas avaliadas negativamente, non promocionarán ao seguinte ciclo se non acadaron os obxectivos mínimos nas áreas fundamentais que a continuación se detallan:

	LINGUA CADELÁ / LINGUA GALEGA	MATEMÁTICAS
1º CICLO	<ol style="list-style-type: none"> Ler un texto sinxelo sen silabear. Comprende-lo sentido global dos textos escritos de uso habitual. Coñece-las normas ortográficas de escritura de maiúsculas e m antes de p e b, r e rr. Construir e escribir oraciones sinxelas cunha orde lóxica e atendendo aos seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"> - Respetando a separación entre palabras. - Respetando a orde das letras dentro das sílabas. - Escribindo as palabras sen omitir letras. - Coñecendo as correspondencias fonema-grafía Participar en convensacións colectivas o de grupo respetando o turno de palabra. 	<ol style="list-style-type: none"> Contar, ler, escribir e comparar números ata 999 Realizar sumas e restas sinxelas levando. Resolver problemas sinxelos
2º CICLO	<ol style="list-style-type: none"> Ler un mínimo de 70 palabras/ min coa debida entonación e comprensión. Comprender o sentido global de textos escritos de uso habitual. Redactar textos sinxelos Identificar os elementos esenciais en textos escritos (persoaxes, diálogo, descrições, ...) Coñecer e aplicar os signos de puntuación básicos. 	<ol style="list-style-type: none"> Ler, escribir e ordenar números naturais ata 5 cifras. Dominar as operacións básicas con números naturais. Resolver problemas sinxelos coas operacións fundamentais. Coñece-las medidas de lonxitude, peso y masa. Coñece-la xeometría elemental: recta, semirrecta, ángulos, polígonos.. Coñece-lo reloxo analóxico



	6. Coñecer e aplicar as regras básicas de orto-grafía propias do ciclo.	
3º CICLO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comprender textos orais e escritos básicos para a comunicación nos distintos medios nos que se desenvolve o alumno. 2. Ler un mínimo de 100 palabras/min coa debida entonación e comprensión. 3. Expresar oralmente e de forma coherente experiencias, coñecementos, opinións... 4. Aplicar as principais regras ortográficas e signos de puntuación recollidas no PCC. 5. Distinguir nome, verbo, adxectivo e determinantes. 6. Distinguir entre suxeito e predicado dunha oración. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ler, escribir e ordenar números naturais, decimais e fraccionarios. 2. Dominar as operacións básicas con números naturais, decimais e fraccionarios. 3. Resolver problemas con operacións combinadas. 4. Realizar estimacións e medicións utilizando múltiplos e submúltiplos das unidades de medida. 5. Recoñecer os distintos tipos de polígonos. 6. Recoñecer e describir formas e corpos xeométricos

Estes criterios serán aplicados de forma flexible tal como se dixo anteriormente e tendo en conta sobre todo o **criterio de madurez** según o cal promocionará o alumno que teña as capacidades que lle permitan proseguir con aproveitamento os estudos de ciclo ou etapa seguinte.

AVALIACIÓN DO PROXECTO CURRICULAR

Este Proxecto Curricular será avaliado periódicamente co fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso. Así na súa avaliación prestaremos unha especial atención aos seguintes indicadores:

- **Desenvolvemento na clase da programación.**
- **Relación entre obxectivos, contidos e criterios de avaliación.**
- **Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.**
- **Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.**